



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 309  
23 de maio de 2018

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

###### **I 30840 (10/PRE-008592)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión [100637](#)

###### **I 30852 (10/PRE-008593)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas declaracións de carácter machista dun profesor da Universidade de Santiago de Compostela, as medidas adoptadas para o cumprimento no ámbito universitario do artigo 15 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como as previstas ao respecto. [100640](#)

###### **I 30864 (10/PRE-008594)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o estado do avance e a relación de concellos afectados pola praga da avespiña do castiñeiro e os resultados da loita biolóxica contra ela mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, así como as previsións da Consellería do Medio Rural referidas á información a cada un dos concellos ao respecto [100644](#)

###### **I 30867 (10/PRE-008595)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos ás tarxetas de transporte metropolitano emitidas á altura do primeiro trimestre de 2018 [100647](#)

###### **I 30872 (10/PRE-008596)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da situación na que se atopan o Fogar Residencial de Cerdedo e as persoas usuarias do centro, o estado de adaptación do seu mobiliario e as necesidades de persoal existentes nel, así como a súa opinión en relación coas queixas referidas ao actual servizo de cociña e as previsións ao respecto [100648](#)

**I 30883 (10/PRE-008597)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as razóns da práctica desaparición do programa *Diario Cultural* da programación da Radio Galega, anunciada para a tempada 2018-2019, a súa posible incidencia na audiencia desa emisora e as intencións referidas á supresión das actuais desconexións locais

[100651](#)**I 30902 (10/PRE-008598)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á política demográfica que vén levando a cabo, a avaliación realizada en relación coa incidencia da perda de poboación nova e en idade de se reproducir, así como da política laboral no envellecemento da poboación, e as razóns da falta de aplicación de políticas ao respecto, nomeadamente para as provincias de Lugo e Ourense

[100653](#)**I 30916 (10/PRE-008599)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a avaliación e as medidas adoptadas e as previstas polo Goberno galego en relación coa evolución do índice de prezos ao consumo (IPC) e as súas repercusións na economía das familias galegas

[100657](#)**I 30933 (10/PRE-008600)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego respecto dos dous accidentes rexistrados no mesmo punto do corredor do Morrazo nos dous días seguintes á apertura dos dous primeiros tramos da autovía, así como sobre a súa opinión en relación coa necesidade de reconsiderar as medidas preventivas e de redución de velocidade adoptadas nel

[100661](#)**I 30935 (10/PRE-008601)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre os datos referidos ao cumprimento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2017 no referido ao mantemento de xuntanzas nos distritos forestais para planificar os traballos coas comunidades de montes, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais organizacións sociais, así como no tocante ao desenvolvemento de plans de educación e concienciación da poboación en relación cos usos do lume, con especial incidencia na poboación escolar e na educación medioambiental

[100664](#)**I 30958 (10/PRE-008602)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo, como consecuencia do proceso de fusión de marcas emprendido pola empresa Adolfo Domínguez, os contactos mantidos ao respecto e a estratexia seguida ou que vai seguir para evitar

a deslocalización dos seus servizos, así como o mantemento de xuntanzas cos representantes dos traballadores e as subvencións concedidas a ese grupo desde o ano 2009 [100667](#)

**I 30967 (10/PRE-008603)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a situación actual da conexión do transporte en autobús entre as cidades de Lugo e Vigo, os compromisos da empresa concesionaria segundo o Plan de transporte de Galicia e a valoración do Goberno galego en relación co servizo, así como sobre a existencia de queixas ou reclamacións das persoas usuarias e as medidas adoptadas ou previstas para garantir un servizo de transporte colectivo digno e de calidade para a cidade de Lugo [100672](#)

**I 30972 (10/PRE-008604)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos [100675](#)

**I 30986 (10/PRE-008605)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a renovación polo Goberno galego no ano 2018 do convenio coa Deputación Provincial de Ourense para a apertura ao público da piscina da Consellería de Economía e Industria situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, ou, se é o caso, as razóns para non facelo, as actuacións levadas a cabo no último ano para adaptar ese espazo á normativa vixente e a realización do estudo económico para o acondicionamento da súa zona deportiva, así como o orzamento que vai destinar para ese fin [100680](#)

**I 30987 (10/PRE-008606)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Losada Álvarez, Abel Fermín e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre os datos referidos ás analíticas da calidade da subministración da auga realizadas polos concellos de Redondela e Baiona e remitidas á Xunta de Galicia nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018 [100682](#)

**I 30988 (10/PRE-008607)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Losada Álvarez, Abel Fermín e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre os datos referidos ás analíticas da calidade da subministración da auga realizadas polos concellos de Vigo, Redondela e Baiona, así como as da propia Xunta de Galicia, nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018 [100683](#)

**I 31000 (10/PRE-008608)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados [100684](#)

**I 31006 (10/PRE-008609)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade no seu desenvolvemento e as súas previsións referidas ao aumento das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, así como o balance que fai da concesión de prestacións económicas no contorno familiar nos últimos anos e os datos ao respecto [100688](#)

**I 31014 (10/PRE-008610)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación real do stock do polbo e a súa estimación ao respecto ao remate da veda, a fundamentación da decisión de establecer un período de mes e medio para esta, así como a valoración da posibilidade de facer unha parada biolóxica de maior duración [100691](#)

**I 31020 (10/PRE-008611)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o arranxo das deficiencias que presenta o ximnasio do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao do concello de Ordes [100693](#)

**I 31023 (10/PRE-008612)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a elaboración pola Consellería de Facenda do balance de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio de 2017, as súas intencións respecto da súa remisión ao Parlamento de Galicia e as conclusións do Comité de seguimento ao respecto [100695](#)

**I 31042 (10/PRE-008613)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de enfermaría no Centro de Saúde de Toén, o seu impacto na atención aos pacientes e as súas previsións respecto da reposición da praza amortizada [100698](#)

**I 31053 (10/PRE-008614)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre os criterios de valoración establecidos polo Goberno galego no prego de cláusulas administrativas para a contratación dos campamentos de verán para o ano 2018, a súa posible incidencia nos dereitos laborais do persoal do sector do ocio educativo e animación sociocultural e as razóns da Xunta de Galicia para non incluír nel cláusulas específicas que esixan o cumprimento do convenio colectivo marco estatal do sector, así como as súas previsións ao respecto [100700](#)

**I 31057 (10/PRE-008615)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 3 máis**

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade da Coruña, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender [100703](#)

**I 31059 (10/PRE-008616)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos [100706](#)

**I 31060 (10/PRE-008617)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a situación na que se atopa a cobertura de banda ancha de última xeración nos concellos galegos e a opinión do Goberno galego respecto da incidencia das limitacións existentes no asentamento de poboación naqueles que teñen maior despoboamento [100707](#)

**I 31069 (10/PRE-008618)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da anunciada desaparición do programa *Diario Cultural* na Radio Galega e as actuacións previstas para evitala [100710](#)

**I 31073 (10/PRE-008619)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo [100712](#)

**I 31079 (10/PRE-008620)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas ás ensinanzas náutico-pesqueiras xa reguladas polo sistema xeral de educación, as súas previsións referidas á regulación da figura do alumno en prácticas e o establecemento de incentivos para a súa contratación, así como o establecemento de medidas para humanizar o traballo e mellorar a habitabilidade nos buques, e a posta en marcha de campañas nos centros para fomentar o coñecemento do sector [100716](#)

### **I 31083 (10/PRE-008621)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a valoración e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da conversión, na proposta de modificación do PXOM do Concello de Curtis, da totalidade do solo rústico de especial protección agropecuaria e gran parte do solo rústico de protección forestal en solo rústico de protección ordinaria [100718](#)

### **I 31088 (10/PRE-008622)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa harmonización á alza do tramo autonómico do imposto sobre os hidrocarburos para todas as comunidades autónomas prevista nos Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as consultas realizadas á Comunidade Autónoma de Galicia e a posición mantida por esta ao respecto, así como a remisión polo Goberno central dalgún informe referido á fundamentación desa decisión [100721](#)

### **I 31097 (10/PRE-008623)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa pretensión do Goberno central de unificar as axudas de carácter asistencial e a demanda do traspaso da súa xestión á Xunta de Galicia, así como a súa opinión en relación co nivel de cobertura actual e a contía das actuais prestacións por desemprego [100725](#)

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

**I** Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2018, pola que se declara vacante, por falecemento, o escano de D. Carlos Enrique López Crespo [100635](#)

#### **2.2.5. Composición das comisións**

**I** Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 31255) [100728](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite e publicación

- 30840 (10/PRE-008592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión

- 30852 (10/PRE-008593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas declaracións de carácter machista dun profesor da Universidade de Santiago de Compostela, as medidas adoptadas para o cumprimento no ámbito universitario do artigo 15 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como as previstas ao respecto

- 30864 (10/PRE-008594)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o estado do avance e a relación de concellos afectados pola praga da avespiña do castiñeiro e os resultados da loita biolóxica contra ela mediante a solta masiva do parasito *Torymus sinensis*, así como as previsións da Consellería do Medio Rural referidas á información a cada un dos concellos ao respecto

- 30867 (10/PRE-008595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos ás tarxetas de transporte metropolitano emitidas á altura do primeiro trimestre de 2018

- 30872 (10/PRE-008596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da situación na que se atopan o Fogar Residencial de Cerdedo e as persoas usuarias do centro, o estado de adaptación do seu mobiliario e as necesidades de persoal existentes nel, así como a súa opinión en relación coas queixas referidas ao actual servizo de cociña e as previsións ao respecto



- 30883 (10/PRE-008597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da práctica desaparición do programa *Diario Cultural* da programación da Radio Galega, anunciada para a tempada 2018-2019, a súa posible incidencia na audiencia desa emisora e as intencións referidas á supresión das actuais desconexións locais

- 30902 (10/PRE-008598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á política demográfica que vén levando a cabo, a avaliación realizada en relación coa incidencia da perda de poboación nova e en idade de se reproducir, así como da política laboral no envellecemento da poboación, e as razóns da falta de aplicación de políticas ao respecto, nomeadamente para as provincias de Lugo e Ourense

- 30916 (10/PRE-008599)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación e as medidas adoptadas e as previstas polo Goberno galego en relación coa evolución do índice de prezos ao consumo (IPC) e as súas repercusións na economía das familias galegas

- 30933 (10/PRE-008600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego respecto dos dous accidentes rexistrados no mesmo punto do corredor do Morrazo nos dous días seguintes á apertura dos dous primeiros tramos da autovía, así como sobre a súa opinión en relación coa necesidade de reconsiderar as medidas preventivas e de redución de velocidade adoptadas nel

- 30935 (10/PRE-008601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os datos referidos ao cumprimento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2017 no referido ao mantemento de xuntanzas nos distritos forestais para planificar os traballos coas comunidades de montes, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais organizacións sociais, así como no tocante ao desenvolvemento de plans de educación e concienciación da poboación en relación cos usos do lume, con especial incidencia na poboación escolar e na educación medioambiental

- 30958 (10/PRE-008602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a perda de postos de traballo, como consecuencia do proceso de fusión de marcas emprendido pola empresa Adolfo Domínguez, os contactos mantidos ao respecto e a estratexia seguida ou que vai seguir para evitar

a deslocalización dos seus servizos, así como o mantemento de xuntanzas cos representantes dos traballadores e as subvencións concedidas a ese grupo desde o ano 2009

- 30967 (10/PRE-008603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación actual da conexión do transporte en autobús entre as cidades de Lugo e Vigo, os compromisos da empresa concesionaria segundo o Plan de transporte de Galicia e a valoración do Goberno galego en relación co servizo, así como sobre a existencia de queixas ou reclamacións das persoas usuarias e as medidas adoptadas ou previstas para garantir un servizo de transporte colectivo digno e de calidade para a cidade de Lugo

- 30972 (10/PRE-008604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos

- 30986 (10/PRE-008605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a renovación polo Goberno galego no ano 2018 do convenio coa Deputación Provincial de Ourense para a apertura ao público da piscina da Consellería de Economía e Industria situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, ou, se é o caso, as razóns para non facelo, as actuacións levadas a cabo no último ano para adaptar ese espazo á normativa vixente e a realización do estudo económico para o acondicionamento da súa zona deportiva, así como o orzamento que vai destinar para ese fin

- 30987 (10/PRE-008606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os datos referidos ás analíticas da calidade da subministración da auga realizadas polos concellos de Redondela e Baiona e remitidas á Xunta de Galicia nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018

- 30988 (10/PRE-008607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os datos referidos ás analíticas da calidade da subministración da auga realizadas polos concellos de Vigo, Redondela e Baiona, así como as da propia Xunta de Galicia, nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018

- 31000 (10/PRE-008608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados

- 31006 (10/PRE-008609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade no seu desenvolvemento e as súas previsións referidas ao aumento das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, así como o balance que fai da concesión de prestacións económicas no contorno familiar nos últimos anos e os datos ao respecto

- 31014 (10/PRE-008610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación real do stock do polbo e a súa estimación ao respecto ao remate da veda, a fundamentación da decisión de establecer un período de mes e medio para esta, así como a valoración da posibilidade de facer unha parada biolóxica de maior duración

- 31020 (10/PRE-008611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o arranxo das deficiencias que presenta o ximnasio do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao do concello de Ordes

- 31023 (10/PRE-008612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración pola Consellería de Facenda do balance de seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio de 2017, as súas intencións respecto da súa remisión ao Parlamento de Galicia e as conclusións do Comité de seguimento ao respecto

- 31042 (10/PRE-008613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de enfermaría no Centro de Saúde de Toén, o seu impacto na atención aos pacientes e as súas previsións respecto da reposición da praza amortizada

- 31053 (10/PRE-008614)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre os criterios de valoración establecidos polo Goberno galego no prego de cláusulas administrativas para a contratación dos campamentos de verán para o ano 2018, a súa posible incidencia nos dereitos laborais do persoal do sector do ocio educativo e animación sociocultural e as razóns da Xunta de Galicia para non incluír nel cláusulas específicas que esixan o cumprimento do convenio colectivo marco estatal do sector, así como as súas previsións ao respecto

- 31057 (10/PRE-008615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade da Coruña, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender

- 31059 (10/PRE-008616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a fase de tramitación na que se atopa o expediente de concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, así como o prazo previsto para o inicio dos traballos

- 31060 (10/PRE-008617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa a cobertura de banda ancha de última xeración nos concellos galegos e a opinión do Goberno galego respecto da incidencia das limitacións existentes no asentamento de poboación naqueles que teñen maior despoboamento

- 31069 (10/PRE-008618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da anunciada desaparición do programa *Diario Cultural* na Radio Galega e as actuacións previstas para evitala

- 31073 (10/PRE-008619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado no referido aos prezos dos carburantes, a súa valoración relativa á súa constante suba e os impostos que está a pagar a cidadanía, así como a avaliación que fai da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo

- 31079 (10/PRE-008620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas ás ensinanzas náutico-pesqueiras xa reguladas polo sistema xeral de educación, as súas previsións referidas á regulación da figura do alumno en prácticas e o establecemento de incentivos para a súa contratación, así como o establecemento de medidas para humanizar o traballo e mellorar a habitabilidade nos buques, e a posta en marcha de campañas nos centros para fomentar o coñecemento do sector

- 31083 (10/PRE-008621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da conversión, na proposta de modificación do PXOM do Concello de Curtis, da totalidade do solo rústico de especial protección agropecuaria e gran parte do solo rústico de protección forestal en solo rústico de protección ordinaria

- 31088 (10/PRE-008622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa harmonización á alza do tramo autonómico do imposto sobre os hidrocarburos para todas as comunidades autónomas prevista nos Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, as consultas realizadas á Comunidade Autónoma de Galicia e a posición mantida por esta ao respecto, así como a remisión polo Goberno central dalgún informe referido á fundamentación desa decisión

- 31097 (10/PRE-008623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa pretensión do Goberno central de unificar as axudas de carácter asistencial e a demanda do traspaso da súa xestión á Xunta de Galicia, así como a súa opinión en relación co nivel de cobertura actual e a contía das actuais prestacións por desemprego

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.1. Composición do Pleno**

#### **Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2018, pola que se declara vacante, por falecemento, o escano de D. Carlos Enrique López Crespo**

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Declarar vacante, por falecemento, o escano de D. Carlos Enrique López Crespo, pola circunscrición electoral da Coruña, correspondente ao Partido Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Cámara.

2. Notificar a presente resolución ao portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

3. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia, para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta desta resolución na reunión da Mesa que terá lugar o 29 de maio de 2018.

5º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## **2.2.5. Composición das comisións**

### **Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 31255)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 31255, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Alta: Isabel Novo Fariña

— Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Alta: Fernández Prado, Martín

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao.

Unha das dúas pediatras do Centro de Saúde de Burela está de baixa desde hai xa varias semanas, sendo substituída parcialmente por outro facultativo que ven de Lugo dous días á semana, quedando a outra pediatra ao cargo duns 1.300 nenos e nenas que ten asignados o centro durante os 3 días restantes. Por se fose pouco, a isto xuntouse que a pediatra que atende os centros de saúde de Xove e San Cibrao (Cervo) estivo un mes de vacacións sen que tampouco fose substituída por outro facultativo, sendo derivados os seus pacientes a Burela. Nesta conxuntura chegou a producirse o esperpento de que unha única pediatra de Burela tivese que prestar atención a uns 2.000 nenos e nenas de Xove, Cervo e Burela, co que isto supón para pacientes e profesionais.

A todo isto, hai que engadir as dificultades que teñen as nais e pais de Xove e Cervo para concertar unha cita previa, pois ao non ter pediatra no seu propio centro de saúde, o sistema non permite solicitar cita telefonicamente nin telematicamente, tendo que desprazarse a Burela e solicitar a cita presencialmente para despois ter que agardar a seren atendidos á hora concedida

Lamentablemente, esta situación non é nova, pois vense producindo con certa periodicidade nos últimos anos nestes e noutros centros de saúde do noso país.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2018 10:19**  
**Nº Rexistro: 30840**  
Data envío: 11/05/2018 10:19:08.076

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Xunta de Galiza non cobre as baixas e vacacións do persoal médico no servizo de pediatría da atención primaria?
- Consideran que un facultativo pode atender axeitadamente a 2.000 crianzas?
- Que medidas ten prevista a Xunta de Galiza para evitar que se repita esta situación?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2018 10:19**  
**Nº Rexistro: 30840**  
Data envío: 11/05/2018 10:19:08.076

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2018 10:18:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2018 10:18:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2018 10:18:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2018 10:18:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2018 10:18:40**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2018 10:18:41**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/05/2018 12:37  
Nº Rexistro: 30852  
Data envío: 11/05/2018 12:37:23.388

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as declaracións machistas dun profesor da USC e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a formación do persoal docente en materia de xénero.

O profesor da USC, Luciano Méndez, foi afastado de maneira temporal das aulas en 2016 despois de realizar comentarios machistas e sexistas contra o alumnado. Naquela altura, Méndez non só non se desculpou polo seu comportamento senón que chegou a publicar un artigo de opinión nun medio de grande difusión reafirmándose nas súas afirmacións.

Recentemente, esa mesma persoa, que continúa impartindo aulas na USC, publicou un vídeo a través das redes sociais no que amosaba o seu apoio aos agresores de La Manada, solicitaba a súa libre absolución e acusaba a vítima da violación dos San Fermíns.

"O que había que facer era dicirlle: 'neniña, non nos veñas aquí coas túas tonterías, que estamos falando de cousas moi serias. Estamos falando de regulamentar agresións sexuais. Non veñas aquí a armar estes *berenjenales* ti e máis o teu feminismo radical", foron algunhas das perlas que deixou no vídeo.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/05/2018 12:37  
Nº Rexistro: 30852  
Data envío: 11/05/2018 12:37:23.388

A USC, a través dun comunicado avanzou que están a estudar a adopción de medidas e rexeitaron as declaracións de Méndez.

Para o grupo parlamentar do BNG as declaracións deste profesor, que reincidente no seu machismo declarado, son absolutamente inadmisíbeis e non teñen cabida na universidade pública nin en ningún outro ámbito da sociedade.

Neste senso, cómpre lembrar que a Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia machista dispón:

*Artigo 15.-Formación da totalidade das e dos profesionais.*

*1. A Xunta de Galicia garantizará, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e dos operadores xurídicos.*

*2. Para estes efectos, o departamento competente e todos aqueles organismos e entidades que imparten formación velarán para que na formación inicial e nos seus programas formativos se incorporen módulos específicos de prevención, atención, asistencia e/ou tratamento de situacións de violencia de xénero.*

*3. A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, deseñará programas específicos de formación en materia de violencia de xénero e poñeráos á disposición de calquera ente, organismo ou departamento, e da sociedade en xeral, para a súa aplicación nas diversas accións formativas.*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza as declaracións e opinións do profesor Luciano Méndez?
- Que medidas ten adoptado o Goberno galego para dar cumprimento ao artigo 15 da Lei 11/2007 no ámbito universitario?
- Tendo en conta o acontecido en 2016 co mesmo profesor, adoptou algunha medida específica a Xunta de Galiza para impedir que continuasen a (re)producirse actitudes sexistas e machistas nas aulas da USC?
- Ten previsto adoptar, no marco das súas competencias, a Xunta de Galiza algunha medida despois do vídeo publicado por Luciano Méndez?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2018 12:37**  
**Nº Rexistro: 30852**  
Data envío: 11/05/2018 12:37:23.388

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2018 12:36:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2018 12:36:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2018 12:36:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2018 12:36:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2018 12:36:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2018 12:36:32**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, sobre as actuacións que está a acometer a Xunta de Galicia para frear a praga da avespíña do castiñeiro.

O sector da castaña, sector emerxente na Galiza despois dun latente abandono dende os anos 80, está de novo ameazado polo posible avance da avespíña do castiñeiro.

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na última campaña superáronse os 20 millóns de quilos, que se traducen nun valor estimado xerado que supera os 100 millóns de euros.

Estase a constatar por medio de empresas, cooperativas, produtores e comercializadores a preocupación xeneralizada en toda a Galiza polo avance da praga da avespíña.

Hoxe en día a avespíña estendese con velocidade, sen que medidas como podas ou tala de pés afectados teñan ningún éxito.

A praga da avespíña pode ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén sobre o “patrimonio forestal” dos soutos centenarios que hai na zona oriental de Galicia.

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga a través da solta do seu parasito, o ‘*Torymus Sinensis*’.



En Galiza, a loita experimental co ‘Torymus’ iniciouse no ano 2016 coa liberación duns 10.000 exemplares do insecto nas provincias de Lugo e Ourense, as de maior presenza do problema, e foise incrementado ata o ano pasado.

A capacidade da praga para multiplicarse de ano en ano é a principal preocupación do sector, pois cada femia da avespiña do castiñeiro pode poñer entre 100 e 200 ovos por campaña.

Actualmente, nesta comisión aprobouse unha iniciativa do Partido Popular onde se anunciaba a solta masiva de Torymus. Pero a día de hoxe vemos como a avespiña segue a avanzar chegando a zonas de montaña onde o ano pasado non estaba, e onde a poboación ten un descoñecemento total de que é, como se xestiona a eliminación desta, ou o descoñecemento de si soltaron Torymus na zona (polo que non é recomendable a eliminación das bugallas).

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o estado de avance da praga actualmente?
2. A que concellos de Galiza afecta na actualidade?
3. Cales son os resultados da solta masiva?
4. Pensa a Consellería de Medio Rural informar debidamente, e concello por concello, desta praga?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo



Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 11/05/2018 13:08:18**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/05/2018 13:08:28**



## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e Raúl Fernández Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal e o número de tarxetas de transporte metropolitano emitidas, segundo o municipio de residencia dos titulares, á altura do primeiro trimestre do 2018.

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/05/2018 13:17:46**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/05/2018 13:17:55**

## Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

O día 9 de maio, o conselleiro de Política Social afirmaba que, neste ano 2018, esta Consellería incrementara nun 10% os seus recursos económicos destinados a persoas maiores, o que permite afrontar a rede de prazas de atención sustentada con fondos públicos.

O “Fogar Residencial de Cerdedo” (Pontevedra) pertence á rede de Centros de Atención a Persoas Maiores do Consorcio Galego de Servizos Sociais (Consellería de Política Social) e posúe capacidade para 18 usuarios e usuarias. No mesmo establecemento residencial intégrase un centro de día, pertencente tamén ao Consorcio, con capacidade para 30 persoas.

Como xa denunciara este Grupo parlamentario ata en dúas ocasións, no centro hai multitude de deficiencias:

1. Non dispón de medidas de seguridade que impidan a saída dos residentes con dependencia de tipo cognitivo ao exterior.
2. Non dispón de medidas de seguridade nos accesos ás escaleiras.
3. Non existe ningunha sala de visita para os familiares.
4. Algunha das 3 habitacións destinadas a grandes dependentes non permiten chegar cunha cadeira de rodas, nin cun guindastre ata a cama e, moito menos, cunha padiola.
5. As camas non teñen rodas, están pegadas ás paredes e para facelas hai que levantalas en peso.
6. Non hai bañeira xeriátrica.
7. En distintas zonas do edificio as humidades ocupan grandes superficies.

 Grupo Parlamentario

8. Só hai unha traballadora social.
9. Non hai persoal de administración.
10. Un dos xerocultores queda so en quenda de noite con 16 residentes con diversos graos de dependencia, debendo ocuparse el so de calquera incidencia que ocorra durante a noite.
11. A única DUE traballa de luns a venres e non está pola noite, non fai curas, non recoñece aos pacientes e, como non está durante as fins de semana, o centro carece de persoal para atender calquera urxencia sanitaria que poda xurdir.
12. O centro conta cun cátering, pero a empresa leva os menús unicamente dous días por semana, ademais de haber queixas entre os usuarios pola escaseza de alimentos e o estado dos mesmos.

Ante as iniciativas rexistradas, o Goberno respostaba o seguinte:

- 1º Que se cumpre a *ratio* establecida para este tipo de centros.
- 2º Que, ao se tratar dun centro de servizos sociais, todo o seu persoal presta servizos nese ámbito e a enfermeira non fai labores sanitarias.
- 3º Que se prevé a construción dun novo centro residencial (dende este Grupo non sabemos se de xestión pública).
- 4º E que o servizo de comedor, con cátering en liña fría, garante a seguridade alimentaria.

Di tamén o Goberno non ser certas as queixas sobre este servizo de comidas. Mais o certo é que hai queixas de que a comida é escasa, con mal aspecto e cheira mal e porque non se entende por que facer as comidas nunha cociña central dunha empresa cando o centro ten cociña totalmente equipada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

**Grupo Parlamentario**

1.- Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia da situación na que se atopa a “Fogar Residencial de Cerdedo”?

2.- Coñece o Goberno cal é a situación real das persoas usuarias do centro?

3.- Coñece o Goberno a situación das infraestruturas?

4.- Coñece o Goberno se o mobiliario do centro está adaptado?

5.- Coñece o Goberno as necesidades de persoal do centro?

6.- Que ten que dicir o Goberno ante as queixas de que a comida é escasa, con mal aspecto e cheira mal?

7.- Vai o Goberno a utilizar a cociña totalmente equipada do centro para facer comidas diarias para os usuarios, deixando sen efecto o servizo de comida a través de cátering de liña fría?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2018 13:54:01**

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/05/2018 13:54:08**

**Julio Torrado Quintela na data 11/05/2018 13:54:16**

**Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pasado martes, 8 de maio de 2018, responsables da dirección da Radio Galega comunicáronlle á representación sindical e ó Consello de Administración da Corporación RTVG un avance da programación da emisora pública autonómica para a tempada 2018/2019, que comezará no próximo mes de setembro.

Aínda que podemos coincidir na necesidade de cambios na RG, dadas as preocupantes cifras de audiencia da emisora pública, queremos saber os porqués de determinados cambios que se deducen da programación presentada.

Tamén, o avance da programación feito polos directivos da RG contempla un novo enfoque no tratamento da información local. Aínda que nos textos entregados e na intranet da Corporación non se fala do asunto, todo indica que se producirán cambios nas desconexións para os informativos locais.

Polas razóns expostas o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o porque da práctica desaparición no seu formato actual do programa “Diario Cultural”, un referente na información cultural en Galicia desde a súa creación hai 28 anos?

2ª) Perdeu a nova dirección da RG a confianza na actual directora, presentadora e “alma mater” do programa, Ana Romani, poeta e académica numeraria da RAG?

3ª) Non cren que o que poderíamos denominar “proceso de descafeinado” do “Diario Cultural”, repartindo os seus contidos ó longo da programación e perdendo por tanto unha referencia horaria, vai afectar á audiencia da RG?

4ª) É certo que van suprimir as actuais desconexións locais, que permiten unha información de proximidade imprescindible para a audiencia da Radio Galega?



---

**Grupo Parlamentario**

5ª) Esa posible supresión é un novo paso adiante na estratexia de redución e eliminación da información local da actual dirección da Corporación RTVG, que comezou no ano 2010 pechando as delegacións de Pontevedra, Ferrol e Burela?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6ª) A hipotética supresión das citadas desconexións, que permite unha maior centralización e control da información local, ten algo que ver coas próximas eleccións municipais, previstas para o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/05/2018 10:18:13**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/05/2018 10:18:18**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 12:27  
Nº Rexistro: 30902  
Data envío: 14/05/2018 12:27:07.567

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impacto da perda constante de poboación na economía galega e as medidas que debe impulsar o goberno galego para impulsar un cambio de tendencia.

O BNG entende que a análise rigorosa e a resposta consensuada e ambiciosa da cuestión demográfica é unha necesidade imprescindible para enfrontar os retos que temos como sociedade e como país. Para intervir sobre o devalo demográfico entendemos que será fundamental actuar en múltiples aspectos, nos que o económico e laboral ten unha importancia especial.

Para enfrontar este reto con seriedade cómpre avaliar de forma transversal moitos factores, pero sen dúbida a evolución da poboación é determinante. Só facendo unha diagnose acertada e fuxida de autocomplacencias poderemos avaliar se as políticas económicas e laborais implantadas resultan positivas ou negativas.

Neste sentido se observamos os datos oficiais de poboación o certo é que desde que o señor Núñez Feijóo comezou a gobernar non pararon de emigrar galegos e galegas cara fóra do noso país diante da falta de condicións para quedar ou vir traballar a Galiza así como para afrontar o impacto social e económico da recesión.

Segundo o Padrón hai hoxe 87.750 persoas menos no noso país que cando o Partido Popular entrou no goberno da Xunta. Tampouco se comparamos os datos co ano



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 12:27**  
**Nº Rexistro: 30902**  
Data envío: 14/05/2018 12:27:07.567

2015, no que xa se rexistrou creación neta de emprego e no que o Goberno galego afirma ter iniciado o seu Plan Estratéxico 2015-2020 temos datos positivos: nun período de crecemento económico, a poboación da nación descendeu en 24.008 persoas.

Desta forma, o comportamento negativo da poboación galega durante o goberno de Núñez Feijóo equipáranos cos países menos dinámicos e periféricos de Europa, como Hungría, Polonia, ou Grecia. Pola contra, todos os países que forman a columna vertebral da Unión Europea experimentaron crecemento da poboación (Francia, Alemania, Bélxica, etc).

É preciso, polo tanto, avaliar o impacto da perda constante de poboación na economía galega e as medidas que debe impulsar o goberno galego para impulsar un cambio de tendencia.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera o goberno galego que ten acertado coa súa política demográfica?

-Considera o goberno galego que ten suficientemente avaliado canto do envellecemento da poboación galega se debe á perda de poboación nova e en idade de se reproducir, nomeadamente durante os anos máis intensos da crise? Cales son as razóns da falta de aplicación de políticas ambiciosas para o seu retorno?

-Cales son as razóns de que o goberno do Partido Popular non leve a cambio un cambio de políticas económicas para evitar a perda de poboación?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que a política laboral do Partido Popular é responsábel en boa medida da situación demográfica do noso país? Que vai facer para reconducilo?

-Cales son as razóns de que o goberno galego non aplique políticas compensatorias nesta materia para Lugo e Ourense?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 12:24:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 12:24:53**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 12:27**  
**Nº Rexistro: 30902**  
Data envío: 14/05/2018 12:27:07.567

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 12:24:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 12:24:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 12:24:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 12:24:59**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 13:11  
Nº Rexistro: 30916  
Data envío: 14/05/2018 13:11:46.630

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración do goberno galego sobre a evolución do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) e as súas repercusións nas economías domésticas galegas.

O pasado mes de maio coñecemos os datos referentes ao Índice de Prezos ao Consumo. Como resultado obsérvase que o IPC galego correspondente ao mes de abril de 2018 registrou un incremento do 1,0% con respecto ao mes anterior, dúas décimas por riba do conxunto do Estado. Comparando esta conxuntura coa do ano anterior o resultado é tamén de aumento, neste caso do 1,2%, tamén superior ao do conxunto do Estado, neste caso por unha décima, situándose no 1,1%. A variación interanual excluídos os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos foi dun 0,9%, unha décima inferior á rexistrada en marzo e unha décima superior á rexistrada a nivel estatal. Baixo a comparativa anual unha vez máis hai dous parámetros que salientan entre os que contribúen á taxa, “Transporte” (2,5%) e “Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles”.

Canto ás previsións, o Informe elaborado polo Instituto Galego de Estatística prevé o seguinte: “A predición para o mes de maio de 2018 é dunha taxa interanual do 1,6%, catro décimas superior á rexistrada en abril (1,2%). A predición sobre o mes anterior é dun incremento do 0,4%. A predición interanual para maio de 2018 da



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 13:11  
**Nº Rexistro: 30916**  
Data envío: 14/05/2018 13:11:46.630

inflación subxacente é dun crecemento do 1,0%, unha décima superior á rexistrada en abril.”

Todo isto acontece nun contexto no que a capacidade económica dos galegos e galegas non está a experimentar mellora algunha tal e como evidencian os datos económicos e laborais pertencentes ao ano 2017. Por exemplo, se analizamos o impacto da temporalidade na estabilidade económica. No 2017 incrementouse un 49,5% o número de contratos laborais.

Dese incremento, vemos como os menores correspondes ás formas de contratación indefinidas (indefinido ordinario incrementábase un 26,7% e a conversión a indefinidos nun 12,9%, perdendo polo tanto ambas peso sobre o total de contratos). Porén, as modalidades de contratación temporal son as que máis se incrementan: a contratación eventual (a máis numerosa) incrementouse nun 94%, o que fixo que esta tipoloxía de contratos pasase de supoñer o 37,6% no 2009 a o 48,9% no 2017. O contrato de obra ou servizo, a segunda máis numerosa, incrementouse nun 34,7% con respecto ao 2017. Así mesmo, dende o 2009, os contratos con duración dun día incrementáronse nun 52,9%, mentres que os contratos de entre 2 días a menos dun 1 mes incrementáronse nun 23,8%.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como avalía o goberno galego a evolución do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) e as súas repercusións nas economías domésticas galegas?

-Considera que a situación económica dos fogares galegos pode asumir en condicións estas subas de prezo?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 13:11**  
**Nº Rexistro: 30916**  
Data envío: 14/05/2018 13:11:46.630

-Ten estudado o goberno galego a evolución do IPC? Con que resultados? Hai algún parámetro que lle preocupe especialmente e teña arbitrado medidas? Cales?

-Que medidas desenvolverá a Xunta de Galiza para mellorar a capacidade económica das familias e reducir o impacto negativo que nelas ten a suba do IPC?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 13:10:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 13:10:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 13:10:35**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 13:11**  
**Nº Rexistro: 30916**  
Data envío: 14/05/2018 13:11:46.630

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 13:10:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 13:10:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 13:10:39**

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A autovía do Morrazo, que entrou en servizo este pasado venres día 11 de maio rexistrou xa dous accidentes, que tiveron lugar no embude que forma a ligazón da nova estrada, de catro carrís, en Meira, co tramo que segue como corredor -de dous carrís- e que se estreita sinalizado mediante vaías.

O primeiro dos sinistros tivo lugar o sábado día 12, no que o condutor dun turismo que circulaba en sentido cara Cangas despistouse saltándose os conos que dividen os carrís e colisionou contra un camiión que circulaba polo carril do outro sentido. Os danos foron meramente materiais.

O outro accidente tivo lugar na tarde do domingo día 13 de maio, cunha persoa, en principio ferida moi grave. O condutor que circulaba en sentido Moaña, non se deu conta do estreitamento e levouse por diante a sinalización, dando voltas de campá durante uns 50 metros desde a zona de colisión, sen impactar, por sorte contra outro vehículo na invasión do carril contrario.

En tan só dous días polo tanto desde a súa apertura ó tráfico temos que lamentar xa dous accidentes nun mesmo punto que entendemos está a ser conflitivo e no que sería preciso estudar a efectividade das medidas de seguridade viaria e de sinalización que se están a adoptar.

O lugar escenario de ambos os dous accidentes corresponde co lugar no que se enlaza a nova autovía do Morrazo co “tramo 3” do corredor e que estará en obras ata o vindeiro ano. Un lugar no que se pasa de 120 a 50 km/h en moi pouco tempo e cunha sinalización que se entende insuficiente, especialmente durante a noite.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedor o Goberno galego dos dous incidentes viarios que tiveron lugar no corredor do Morrazo nos dous primeiros días tras a apertura dos dous primeiros tramos da autovía?
2. Cal é a valoración que o Goberno fai destes feitos?
3. Considera que o feito de que ambos acontecesen no mesmo punto da estrada ten relación directa co estreitamento puntual e transición dos viais nese punto, redución brusca da velocidade e das insuficientes medidas de sinalización que se dispuxeron no lugar?
4. Entende que é preciso reconsiderar as medidas preventivas, cunha mellor sinalización e balizamento da zona, ampliando as sinais luminosas no horario nocturno, así como dispoñer medidas máis eficaces de redución da velocidade en dito punto que permitan unha condución máis segura?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 14/05/2018 13:53:21**

**Raúl Fernández Fernández na data 14/05/2018 13:53:26**





---

 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 14/05/2018 13:53:31**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os incumprimentos do Pladiga.

Nos Pladigas de tódolos anos hai unha constante que nunca se cumpre: Os distintos **Distritos Forestais Manterán contactos coas comunidades de montes, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais organizacións sociais.**

No Pladiga 2018 non figura na memoria ningunha reunión con estas entidades pra planifica-los traballos de prevención e defensa dos incendios.

Así mesmo contéplase que os Distritos Forestais **impulsarán e fomentarán a colaboración das entidades locais**, e tampouco figura na memoria nada neste senso

No que ten a ver cos **planos de educación e concienciación da poboación sobre os usos do lume con especial incidencia sobre a poboación escolar e a educación medioambiental** non se contemplan accións sistemáticas significativas que nos mostren unha intención seria cunha programación longa e sostida no tempo da que se poidan agardar froitos sólidos e permanentes na poboación en xeral.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 30935**  
Data envío: 14/05/2018 14:01:57.630

É por isto que as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Número de reunións e relación de comunidades de montes, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e outras organización sociais que participaron por Distrito, e datas en que se realizaron e contido?

-Qué accións de formación e educación medioambiental se levaron a cabo no ano 2.017 e cales se teñen previstas para o presente ano?

-Establecéronse algún tipo de convenios coa Consellería de Educación para desenvolver campañas xeneralizadas específicas de educación ambiental da poboación escolar?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 16:30  
**Nº Rexistro: 30935**  
Data envío: 14/05/2018 14:01:57.630

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 14:01:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 14:01:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 14:01:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 14:01:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 14:01:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 14:01:43**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza diante do anuncio de despedimentos anunciados pola empresa téxtil Adolfo Domínguez e as súas repercusións no tecido industrial en Galiza e, de forma especial, en Ourense.

O deseñador Adolfo Domínguez abriu a súa primeira tenda en Ourense no ano 1976. Desde entón comezou a evolución do que se acabaría convertendo nunha popular marca da industria téxtil en Galiza, no Estado e a nivel internacional a partir dos anos 90. Segundo consta na información pública fornecida pola propia empresa e nos datos recollidos a través da Comisión Nacional do Mercado de Valores a firma acadou no exercicio 2017-2018 (marzo 2017- febreiro 2018) os 113,7 millóns de euros en vendas, o que supón un 3,1% máis a respecto do exercicio anterior. Por outra banda, o Ebitda ou resultado operativo mellora un 75% ao reducirse dos 6,5 millóns aos -2,1 e ao pasar o beneficio neto atribuído de -22,7 a -6,9 millóns de euros, o que supón unha mellora 70%. É a primeira vez, desde 2006, que encadea dous exercicios consecutivos con incremento de vendas e a empresa acadou neste exercicio a mellor progresión de resultados operativos en seis exercicios. Así mesmo, as vendas comparábeis, que non teñen en conta aperturas, peches e reformas no exercicio, aumentaron un 7,3% e as vendas online un 22,3%.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Obsérvase, polo tanto, unha lixeira mellora en varios parámetros despois duns anos nos que a repercusión da crise no consumo, tanto na súa intensidade como nas súas características, ocasionara unha tendencia máis negativa da empresa. Resultado disto, cómpre lembrar que a firma levou a cabo varios ERES e despedimentos a partir do ano 2012 que xa supuxeron unha importante redución do seu cadro de persoal. Así mesmo, no ano 2015 ademais de numerosos despedimentos, a dirección da empresa desprazara varios departamentos a Madrid, que posteriormente acabarían sendo retornados ao Polígono de San Cibrao en Ourense, onde están os servizos centrais da compañía.

Segundo ten informado publicamente a partir do 25 de abril de 2018, grupo Adolfo Domínguez vén de poñer en marcha un plan de fusión das súas marcas para concentrar a súa forza comercial baixo unha soa e mellorar a produción e a tesouraría. Estímase así mesmo que o resultado neto do proceso non terá un resultado significativo polos custos que supón a propia adaptación e posta en marcha da fusión. Máis aínda, a empresa vén de informar publicamente, como é obrigado ao cotizar en bolsa, a previsión dun axuste do cadro de persoal.

Dentro da firma existen neste momento o que a empresa denomina duplicidades ao coexistir diversas marcas pertencentes á matriz de Adolfo Domínguez, polo que ao unificar estiman a necesidade de reducir persoal. Estiman unha afectación a 110 postos de traballo dun total de 1.325. Unha parte destes postos serán de puntos de venda físicos da marca, xa que se prevé unha redución dos 472 existentes a comezos de 2018 a 416 puntos de venda en 29 países após o proceso de fusión. Por outra banda, é fácil prever que unha parte de despedimentos terán lugar nos seus servizos centrais, isto é, no Polígono de San Cibrao.

Cómpre recordar que estamos a falar dunha empresa importante que ten recibido fondos públicos e cuxa presenza non só xera postos de traballo nunha das áreas máis



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

empobrecidas e desindustrializadas do noso país, senón que pode actuar como reclamo para outras e mesmo para que empresas similares retornen os seus seus servizos centrais a Galiza. Polo tanto, é precisa a implicación da Xunta de Galiza nesta nova situación

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para que o proceso de fusión emprendido pola empresa Adolfo Domínguez non supoña perda de postos de traballo nos puntos de venda espallados polo territorio galego?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para que o proceso de fusión emprendido pola empresa Adolfo Domínguez non supoña perda de postos de traballo nos servizos centrais de Ourense?

-Ten desenvolvido a Xunta de Galiza algún contacto coa empresa para tratar esta cuestión? Con que resultados?

-Que estratexia seguiu ou vai seguir a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de servizos desta firma?

-Á luz dos resultados económicos é obvio que a venda online e o comercio dixital son un factor de crecemento da empresa. Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza para que esta área preste os seus servizos integramente desde Galiza, consolidando postos de traballo? Ten pensado desenvolver algunha?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 18:19  
Nº Rexistro: 30958  
Data envío: 14/05/2018 18:19:54.108

-Reuniuse ou vaise reunir a Xunta de Galiza coas entidades representantes legais dos e das traballadoras con motivo desta nova situación? En que datas e con que resultado?

-Cal é o número de subvencións concedidas pola Xunta de Galiza e as súas entidades instrumentais ao grupo Adolfo Domínguez desde o ano 2009? Para que proxectos? Con que resultado final canto a xustificación? Coñece en que medida supuxo creación ou destrución de emprego?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 18:17:09**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 18:19  
**Nº Rexistro: 30958**

Data envío: 14/05/2018 18:19:54.108

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 18:17:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 18:17:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 18:17:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 18:17:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 18:17:19**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as incidencias na liña de autobús Lugo-Vigo e as medidas que debe adoptar a Xunta para garantir a conexión directa entre ambas as dúas cidades e as localidades polas que transcorre.

Persoas usuarias do servizo de transporte por estrada que conecta as cidades de Lugo e Vigo teñen denunciado, e rexistrado queixas perante a empresa, porque a concesionaria non está a cumprir coas súas obrigas.

Neste senso, a conexión directa entre Lugo e Vigo non está a ser tal obrigando as persoas usuarias a baixárense en Pontevedra, adquirir un novo billete e cambiar de autobús co incremento do custe temporal e económico do servizo.

Cómpre lembrar que a empresa adxudicataria, Monbus, suprimiu esta conexión directa a comezos de 2018 apelando ao novo Plan de transporte da Xunta de Galiza o que supuxo grandes prexuízos para localidades como Antas, Monterroso e Palas de Rei.

Perante as críticas, entre elas a do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galiza comprometeuse a través da Consellaría de Infraestruturas a recuperar o servizo para o que avanzaba estar a manter conversas coa empresa.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 30967**  
Data envío: 14/05/2018 18:30:24.123

Porén, malia a información recollida na web da empresa que anuncia conexións directas as persoas usuarias denuncian que non é así.

Esta situación súmase ás carencias e deficiencias de mobilidade que rexistra desde hai anos a cidade e as comarcas de Lugo onde, cómpre lembrar, non existe unha conexión ferroviaria propia do século XXI.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación actualmente da conexión de autobús entre Lugo e Vigo?
- Cales son os compromisos da empresa concesionaria de acordo co Plan de transporte da Xunta de Galiza?
- Que valoración fai o Goberno galego do servizo?
- Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia de queixas e reclamacións por parte de persoas usuarias?
- Que medidas ten adoptado e/ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir un servizo digno e de calidade de transporte colectivo para a cidade de Lugo?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2018 09:30  
Nº Rexistro: 30967  
Data envío: 14/05/2018 18:30:24.123

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 18:30:04**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 18:30:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 18:30:09**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 18:30:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 18:30:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 18:30:14**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás demandas das e dos MIR do CHUO e a resposta da Xunta de Galiza.

O pasado 14 de maio as e os médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense fixeron constar nun comunicado público un conxunto de demandas arredor da redistribución de cuartos de descanso para o persoal residente de garda de presenza física, en vigor dende o 10 de maio de 2018. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é unha nova mostra da constante improvisación da dirección do Complexo e do Sergas, que carecen dunha planificación a respecto da reordenación que precisa a infraestrutura após a apertura do novo edificio e que segue sen ter claro que vai facer coas partes dos outros edificios que precisan dunha rehabilitación e mellora que non acaba de chegar.

Na denuncia da situación as e os médicos explican que a redistribución foi ordenada de xeito unilateral pola dirección para ampliar os seus despachos e que ademais o seu resultado é inasumíbel por varios motivos, entre os que se encontran que a redistribución implica que a nova ubicación das habitacións non permite o descanso e inclúen, de forma literal, as seguintes explicacións, entre outras:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- É unha zona de paso, con circulación ininterrompida por camas e padiolas dos servizos de coidados intensivos e reanimación; aparellos portátiles de radiografía...
- Condicións de silencio e seguridade nulas: está nunha área de acceso público non restrinxido.
- Non están asignadas por especialidade, o que supón que as chamadas a unhas especialidades espertarán aos residentes de outras.
- Mal illamento de portas e ventás, sen sistemas de calefacción e aire acondicionado axeitados.
- Non hai posibilidade de regular manualmente a temperatura.
- Condicións de hixiene en estado precario. Billas que perden auga, teléfonos de ducha rotos, falta de presión, alicatado e chan rotos...
- Ausencia de privacidade: un baño por cada catro persoas, a compartir por cada dúas habitacións.
- o cambio de habitacións entrou en vigor sen realizar previamente o traslado de mobiliario, enviado dende as habitacións habilitadas ás desmanteladas; o que supuxo un trastorno para os residentes de garda aquel primeiro día.
- tras a ampliación do CHUO existen áreas noutras zonas do complexo que poderían ser perfectamente habilitadas para ubicar os novos despachos sen necesidade de desprazar as habitacións de garda de residentes de especialidades hospitalarias.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2018 10:07**  
**Nº Rexistro: 30972**  
Data envío: 15/05/2018 10:07:39.012

Desde o Bloque Nacionalista Galego alármanos tanto a situación referida e documentada con fotografías como a resposta emitida por parte do SERGAS, nun ton ameazante e refractario a calquera tipo de diálogo. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galiza debe sentarse a dialogar co colectivo de médicas e médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense con carácter inmediato e buscar unha saída negociada ás súas demandas.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para buscar unha saída consensuada ás demandas do colectivo de médicas e médicos internos residentes (MIR) do CHUO?

-Cales son as razóns técnicas para ter levado a cabo as mudanzas referidas? En que data se concretaron? Cales son as razóns para non telas consensuado co colectivo?

-Por que o SERGAS emite un comunicado despreciativo co colectivo en lugar de sentarse a falar con el? Estabeleceu negociacións? En que data e con que representación?

-Considera a Xunta de Galiza que ten poucos conflitos abertos no CHUO e que continuar instalados na falta de diálogo pode conducir a unha saída positiva?

-Considera a Xunta de Galiza adecuadas as condicións de descanso fornecidas? Como xustifica cada unha das demandas arriba descritas?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Cre o goberno galego que se pode traballar nun hospital sen sistemas de calefacción e aire acondicionado axeitados, máis coas temperaturas extremas que ten Ourense?

-Cal é a valoración da proposta que fan as e os MIR de trasladar toda a dirección a novas ubicacións, posibilitando así que o persoal médico de urxencias teña novas habitacións no quinto andar, nas mesmas condicións que as e os seus compañeiros? Cales son as razóns de que a dirección non teña a súa ubicación definitiva xa definida?

-Cales son as razóns para non valorar a restitución das habitacións de garda para MIR de especialidades hospitalarias que no seu día se construíron para tal fin?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2018 10:07**  
**Nº Rexistro: 30972**  
Data envío: 15/05/2018 10:07:39.012

**Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2018 10:06:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2018 10:06:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2018 10:06:39**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2018 10:06:41**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2018 10:06:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2018 10:06:43**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende hai 17 anos un convenio, que se renovaba de maneira anual, entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, permitía que a piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia – titularidade da Consellería de Economía, Emprego e Industria e administrada pola Tecnópole– se xestionara a través do ente provincial. Esta instalación adoitaba abrirse ao público a principios do mes de xuño, pero de confirmarse que este ano tamén estará fóra de servizo, será o cuarto verán consecutivo que permaneza pechada. O convenio entre as dúas institucións está a día de hoxe sen asinarse, o persoal necesario (vixilantes, socorristas...) sen contratarse, e os labores de mantemento da instalación sen realizarse. Así pois a falla de coordinación entre estas dúas institucións públicas está provocando un prexuízo á cidadanía á que en plena tempada estival se está privando de poder gozar destas instalacións públicas.

O ano pasado o Grupo Parlamentario Socialista preguntou tamén polos motivos do peche desta instalación, obtendo, por parte da Administración autonómica, a seguinte resposta en setembro de 2017:

*«Os motivos que teñen provocado a imposibilidade de apertura ao público da piscina son o seu estado de situación, coa necesidade de axustar o dito espazo á normativa de aplicación, así como a solicitude da concesión por parte do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. que, tras un estudo xurídico e técnico, tamén inclúe as parcelas de uso deportivo sobre as que se sitúa a piscina, para acadar, deste xeito, unha xestión ordenada, directa e eficaz de todo o seu patrimonio.»*

*En todo caso, cómpre mencionar que no último Consello de Administración do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A, os seus membros acordaron solicitar un estudo de valoración económica para o acondicionamento da zona deportiva.»*

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Renovou este ano a Xunta de Galicia o convenio coa Deputación de Ourense, para abrir ao público as piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia, que son titularidade da Consellería de Economía e Industria?
2. En caso de non asinarse, cal foi o motivo?
3. Que pasos se deron neste último ano para adaptar dito espazo á normativa vixente de aplicación?
4. Realizouse o estudo de valoración económica para o acondicionamento da zona deportiva do Parque Tecnolóxico de Galicia?
5. Que orzamento vai dedicar este ano a Xunta de Galicia para acondicionar a zona deportiva do Parque Tecnolóxico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/05/2018 16:32:27**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/05/2018 16:32:33**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 16:32:38**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/05/2018 16:32:49**

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Cal é a relación, as datas de realización, as datas de recepción na Xunta de Galicia e as analíticas da calidade do subministro de auga realizadas polos concellos de Redondela e Baiona, e enviadas a Xunta de Galicia, nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 16:33:46**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2018 16:33:56**

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e Patricia Vilán Lorenzo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Cal é a relación, as datas de realización e as propias analíticas da calidade do subministro de auga realizadas pola Xunta de Galicia sobre o abastecemento dos concellos de Vigo, Redondela e Baiona, nos meses de decembro de 2017 e xaneiro e febreiro de 2018?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 16:34:04**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/05/2018 16:34:11**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2018 17:43  
Nº Rexistro: 31000  
Data envío: 15/05/2018 17:43:54.046

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás reivindicacións dos TCAEs do Novo Hospital de Vigo.

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, colaboración Público Privada non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do NHV. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 anos da concesión. Convértese na que toma as decisións. Dentro deses servizos está a limpeza e a lavandería, que todo indica pretende realizar sen a dotación de persoal suficiente, coa intención que pasen os TCAE a realizar parte das labores que realizaban persoal de limpeza, en concreto o traslado das bolsas da roupa sucia dende a porta das habitacións.

Diante desta situación o Sergas na vez de esixir a realización destas tarefas á empresa e que esta teña a dotación de persoal precisa, toma a decisión de sobrecargar aínda máis ao seu propio persoal, creando deste xeito un máis que xusto conflito.

O BNG esíxelle rectificación ao Sergas, que deixe de protexer á empresa concesionaria e pase a defender ao seu persoal, xa está ben que a prioridade sexa o negocio e o lucro para a empresa e o gasto e o traballo a costa do orzamento público e do persoal.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2018 17:43  
Nº Rexistro: 31000  
Data envío: 15/05/2018 17:43:54.046

Xa é tempo de que o PP e a Xunta abandonen a submisión coa concesionaria e empecen a defender os intereses dos galegos e galegas. Resulta indecente que despois dunha concesión millonaria que nos está a costar millóns de euros, asistamos continuamente a situacións como a do conflito que estamos a vivir c@s TCAEs no NHV.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai o Goberno galego deixar de protexer á empresa concesionaria do NHV e vai pasar a defender ao seu persoal?

-Vai en algún momento deixar de traballar para que a a prioridade sexa o negocio e o lucro para a empresa e o gasto e o traballo a costa do orzamento público e do persoal?

-Vai abandonar a política de confrontación e pasar a unha de diálogo C@S TCAE do NHV?

-Vai proceder á retirada dos expedientes sancionadores iniciados e absterse de iniciar novos @s profesionais polo conflito xerado no NHV pola discrepancia competencial no traslado das bolsas de roupa sucia?

-Toda vez que os servizos de limpeza e lavandería corren por conta da empresa concesionaria, cal é a razón para que esta non asuma o traslado das bolsas de roupa sucia como realizan todas as concesión nos outros hospitais?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que labor de seguimento fai o Sergas para verificar que a empresa concesionaria ten o persoal suficiente para realizar os servizos que ten concesionados con garantías para o propio persoal e para a poboación?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2018 17:39:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2018 17:39:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2018 17:39:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2018 17:40:01**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2018 17:43**  
**Nº Rexistro: 31000**  
Data envío: 15/05/2018 17:43:54.046

**Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2018 17:40:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2018 17:40:04**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

*A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos, e a das súas familias e coidadores.*

No artigo 18 da devandita lei establécese a “*prestación económica para coidados na contorna familiar, e o apoio a coidadores non profesionais*”:

- 1. Excepcionalmente, cando o beneficiario estea a ser atendido pola súa contorna familiar, e reúnanse as condicións establecidas no artigo 14.4, recoñecerase unha prestación económica para coidados familiares.*
- 2. Previo acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableceranse as condicións de acceso a esta prestación, en función do grao recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.*
- 3. O coidador deberá axustarse ás normas sobre afiliación, alta e cotización á Seguridade Social que se determinen regulamentariamente.*
- 4. O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia promoverá accións de apoio aos coidadores non profesionais que incorporarán programas de formación, información e medidas para atender os períodos de descanso”.*

## Grupo Parlamentario

Galicia no ámbito das súas competencias, recolle a oferta das prestacións establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, integrándoas no Sistema Galego de Servizos Sociais, a través da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como na súa normativa de desenvolvemento.

Aos retallos na atención aos dependentes, hai que engadir as numerosas respostas negativas a solicitudes de prestación económica na contorna familiar. É habitual que se atribúa un servizo de axuda no fogar (SAF) e non o solicitado, a prestación, o que está motivando moitos recursos e incluso renuncias aos dereitos recollidos na propia Lei de dependencia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando se cumpren once anos da aprobación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?
2. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o aceso con carácter universal e equidade?
3. Cal é a previsión da Xunta de Galicia en relación ao incremento das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar?
4. Que balance fai a Xunta de Galicia da concesión de prestacións económicas na contorna familiar nestes últimos anos na nosa comunidade autónoma?
5. Das solicitudes de prestacións económicas na contorna familiar realizadas nos últimos dous anos, cantas se rexeitaron?
6. A cantas das solicitudes rexeitadas de prestacións económicas na contorna familiar realizadas nos últimos dous anos, se lles atribuíu un servizo de axuda no fogar (SAF)?
7. Canto tempo tardan de media en resolverse os recursos contra as resolucións de dependencia?



 Grupo Parlamentario

8. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida para axilizar a resolución dos recursos de dependencia?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/05/2018 17:02:19**

**Julio Torrado Quintela na data 15/05/2018 17:02:26**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mar estanse a precarizar as condicións, a pesar disto o sector galego sigue sendo o motor da economía galega. As medidas de carácter social desaparecen e non se artellan políticas que palién os efectos do mal tempo.

Un dos últimos casos que estamos a vivir é a situación do polbo, un ben moi característico de Galicia, unha boa parte de persoas que nos visitan non marchan sen probalo. Pero as capturas non cobren minimamente a demanda, na realidade resulta que a demanda se dispara, as capturas se reduciron e as importacións non paran de medrar. Cada vez é mais doado atopar nos mercados polbo procedente de países como Marrocos, Portugal, Mauritania, Senegal, Perú, México e Chile.

Así un sector que de por si, xa está afectado polas baixas posibilidades de pesca, ve como esta especie está a piques de desaparecer. Porque o certo é que o *stock* non atravesa unha boa situación e ano tras ano, vense demandando unha solución. Redúcense as cantidades capturadas e con elo os ingresos que obteñen as embarcacións.

O Goberno galego establecerá unha veda dun mes e medio durante o mes de maio.

Dende o noso grupo entendemos que é preciso valorar se é suficiente con ese período para a recuperación da especie ou se simplemente suporá un quebranto na economía das embarcación que a teñen por destino. O propio sector reclama a necesidade de abordar a cuestión con seriedade e non con paradas anuais que non están acadando resultados positivos.

Entendemos que é o momento de buscar fórmulas para a non desaparición desta especie, anticiparse e, polo tanto, facer estudos que podan servir de soporte nas argumentacións. Estas solucións pasan por determinar cal é a situación do

## Grupo Parlamentario

recurso, con datos científicos, e non unicamente a través das notas de venda. É polo tanto fundamental coñecer a situación actual do *stock* e a previsión futura. Dar resposta a cal é a causa da redución do *stock* nos últimos anos, e que medidas se tomarán para evitar que estas se repitan.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O que non cabe ningunha dúbida é que tal e como se estivo xestionando ata o momento, non resulta axeitado, porque a situación do *stock* lonxe de mellorar, continúa a se reducir.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego cal é a situación actual do *stock* do polbo?

2ª) Que estimación fai o Goberno galego da situación do *stock* do polbo unha vez finalizada a veda?

3ª) Sobre que base se estableceron os criterios para determinar a duración dun mes e medio desta veda?

4ª) Que estudos científicos determinaron adoptar esta decisión?

5ª) Valorou o Goberno galego facer unha parada biolóxica de duración máis longa, en caso positivo, que motivou o seu rexeitamento?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 15/05/2018 18:08:29**

**Julio Torrado Quintela na data 15/05/2018 18:08:40**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao está situado na rúa Paraíso s/n do concello de Ordes; é un centro de titularidade pública que conta coas ensinanzas de educación infantil e educación primaria, que se imparten en trece dependencias, tal e como se amosa no mapa referenciado na páxina *web* do dito centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaoordes/>.

No devandito mapa, referenciase co número 7 o ximnasio, dependencia que se atopa nunha situación totalmente lamentable para poder cumprir correctamente a súa función como lugar para acadar os estándares de aprendizaxe en educación física, así como actividades deportivas, lúdicas ou culturais que forman parte da formación do alumnado.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación na que se atopa o ximnasio?

2ª) Cando vai proceder a arranxar estas graves deficiencias para que os nosos nenos e nenas poidan desenvolver a súa aprendizaxe, así como as súas actividades en lugares debidamente acondicionados?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/05/2018 18:29:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/05/2018 18:29:34**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/05/2018 18:29:41**

---

**Maria de la Concepción Burgo López na data 15/05/2018 18:29:51**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é *“Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establécense unha serie de obxectivos medibles para a súa consecución:

1. PIB anuais superiores ou en torno ao 2,5 %.
2. Incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020:
  - Redución taxa de paro en torno ao 10 %
  - Mellora das taxas de ocupación dos cidadáns entre 20 e 64 anos en 10 puntos ata acadar o 70 %.
3. Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos.
4. Reducir abandono escolar en 3,5 puntos ata chegar ao 13,5 %.
5. Chegar ao 47 % de galegos entre 30-34 anos con estudos superiores.
6. Reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 100.000 persoas.
7. Rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto de 2005.
8. Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005.



## Grupo Parlamentario

9. Implantar un paquete de medidas para revitalizar demográfica: achegarse a 1,59 fillos por muller.

10. Converxer en oito puntos coa UE en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Plan contempla a elaboración de balances de seguimento, o correspondente ao exercicio 2016 aparece na páxina *web* da Consellería de Facenda, pero para o exercicio 2017 se presenta un avance.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Elaborou a Consellería de Facenda o balance do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 correspondente ao exercicio 2017?

2ª) No caso de estar feito, cando imos ter o dito documento?

3ª) Vai ser remitido a este Parlamento para que os distintos grupos parlamentarios poidan facer as consideración que consideren oportunas?

4ª) A quen foi entregado o documento para a súa avaliación?

5ª) Cales foron as conclusións do Comité de seguimento?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018



---

**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/05/2018 18:48:52**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 18:48:59**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención primaria na nosa comunidade autónoma, a través da amortización de prazas, ou a non substitución de baixas por enfermidade.

No Centro de Saúde de Toén(Ourense) traballaban ata o de agora dous enfermeiros. Trala xubilación dun deles, a Xunta de Galicia decidiu que a partires do 14 de maio só preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustificado número de citas, extracción para analíticas... e atención domiciliaria nun concello de 2.500 habitantes que conta cunha elevada dispersión de poboación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que decidiu a Xunta de Galicia reducir o número de prazas de enfermería no Centro de Saúde de Toén (Ourense)?
2. Considera o Goberno galego que é suficiente para cubrir a demanda existente, que o Centro de Saúde de Toén (Ourense) conte a partir de agora só cun enfermeiro?
3. Que impacto cre o Goberno galego que terá esta medida na atención aos pacientes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia restablecer o número de prazas de enfermería co que se contaba ata o de agora?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2018 10:16:46**

**Julio Torrado Quintela na data 16/05/2018 10:16:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 2 de abril de 2018 a Xunta de Galicia publicou o procedemento para a contratación administrativa da execución da programación das actividades de educación non formal da Campaña de Verán 2018 (en 13 lotes).

No prego de cláusulas administrativas para a contratación destes servizos a oferta económica pondera un 60%, sendo o criterio que máis puntúa. En canto a recursos humanos, que pondera o 40%, non se sinala especificamente a obrigatoriedade de cumprir co convenio colectivo do sector.

En 2016 e 2017, como no prego de cláusulas administrativas para esta contratación de servizos se recollía que, para a valoración das ofertas, “o único criterio que hai que considerar será o prezo”, este foi o criterio principal usado pola Xunta na adxudicación dos distintos lotes, reducíndose en gran medida o prezo a respecto do establecido inicialmente pola Xunta, o que motivou que os prezos ofertados foran á baixa con salarios do persoal situados en 30 €/día por 16 horas de traballo e 24 h de dispoñibilidade.

O 13 de decembro de 2017, nunha Comparecencia na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, a Directora Xeral de Xuventude, a instancias de En Marea, veu a recoñecer que os pregos de contratación para a programación dos campamentos de verán non garantían os dereitos laborais das persoas monitoras de tempo libre e anunciou que en 2018 se terían en conta criterios distintos ao económico.

Pois ben, en 2018, pese a que se inclúen nos pregos o criterio de recursos humanos, sigue primando o criterio económico sobre calquera consideración e o resultado é que, tras a apertura do sobre B (oferta económica) varias empresas que optan ás adxudicacións quedan por baixo do custe mínimo establecido tendo en conta a estimación do que suporía aplicar o convenio colectivo do sector e por debaixo do custo de persoal estimado pola Xunta en cada un dos lotes. En todos os lotes salvo un a mellor oferta está por baixo dos custos mínimos establecidos para persoal por convenio colectivo. Unha das empresas está incurso nun proceso xudicial, sendo o seu administrador investigado no marco da fraude dos cursos de formación (caso Qatedra).

O convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural foi asinado o 21 de maio de 2015, coas conseguíntes táboas salariais, que non se garanten coa oferta á baixa que se formaliza nos contratos dos campamentos de verán da Xunta ano tras ano.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta, para a súa resposta escrita:

- Ata cando vai fomentar a Xunta a precariedade laboral no sector do ocio educativo e animación sociocultural?
- Non cre que á Administración lle sae moi “barato” fomentar o incumprimento da lexislación xeral básica cunha redacción insuficiente dos pregos de condicións administrativas, dando lugar a salarios minúsculos e precariedade laboral?
- Por que se ten publicado tan tarde a licitación, sendo que os campamentos comezan en xuño?



- Vai a Xunta contratar as actividades da campaña de verán 2018 tendo en conta só ás empresas que cumpran co convenio colectivo?
  
- Por que a Xunta non incluíu nos pregos de contratación das actividades de campamentos de verán cláusulas específicas que obriguen ao cumprimento do convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural?
  
- Non considera a Xunta que con estes pregos pode non garantirse o convenio colectivo marco estatal do sector de ocio educativo e animación sociocultural?
  
- Que opinión ten a Xunta sobre o feito de facilitar que non se garantan as condicións laborais dignas en servizos para a infancia e a mocidade que a Xunta oferta?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/05/2018 13:10:38**

**Luis Villares Naveira na data 16/05/2018 13:10:48**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 9 de maio do 2018 era de 11.854 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

O dato de rexistro de demandantes da vivenda a día de hoxe na cidade de A Coruña é de 1.993 persoas.

Os datos recollidos pola Xunta de Galicia revelan que no concello existe unha necesidade latente de pisos a prezos alcanzables. Sen embargo, a promoción deste tipo de proxectos leva anos paralizado.

Na cidade de A Coruña se ten constancia da adxudicación de 7 vivendas de promoción pública en Eirís e Novo Mesoiro no que vai de ano, e o anuncio de 40 vivendas no Parque Ofimático da Coruña para o 2020.

 Grupo Parlamentario

Isto leva a que as deputadas e os deputados que asinan formulen as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedor este Goberno da demanda existente na cidade de A Coruña de vivenda de promoción pública ou privada en réxime de alugueiro ou propiedade?
2. Que leva a que neste ano non se teña previsto ofertar máis que as 7 vivendas adxudicadas ó principio de ano e polo tanto atendendo soamente o 0,35 % da demanda total existente?
3. Ten formulado o inicio dalgunha nova edificación nesta cidade de promoción pública , máis alá das 7 xa adxudicadas? En caso afirmativo, cando se iniciarán e que nova porcentaxe da demanda existente ten pensado atender?
4. Que ten motivado o parón edificatorio e que a oferta de vivenda de promoción pública nesta cidade se sitúe en porcentaxes tan baixas respecto á demanda existente?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/05/2018 13:33:48**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/05/2018 13:33:52**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/05/2018 13:33:59**



---

 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/05/2018 13:34:04**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería do Medio Rural fixo a exposición pública correspondente á concentración parcelaria na parroquia de San Pedro de San Román, no concello de Santiso, no mes de decembro. A documentación e a planimetría foron elaboradas pola empresa TOPONORT, SA.

Pasados máis de oito anos desde a exposición e sen que se teña ningunha noticia sobre o avance da dita concentración, a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) En que fase da tramitación se atopa este expediente de concentración parcelaria?

2ª) Cando se van comezar as obras de parcelamento na parroquia de San Román, concello de Santiso?

Pazo do Parlamentario, 16 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2018 14:05:14**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/05/2018 14:05:20**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 16/05/2018 14:05:37**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A promulgación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos, foi o punto de inflexión na forma de relacionarse coas distintas administracións.

Tres anos despois, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, no que se establece xa no seu preámbulo que *“o Goberno da Xunta de Galicia ten dentro dos seus eixes impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica co obxecto de potenciar a mellora da calidade do servizo ofrecida á cidadanía, convertendo á Xunta de Galicia nun modelo que sexa referente para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia e en todos os seus ámbitos”*.

Do mesmo xeito, establece que a cidadanía ten que ser a primeira e a principal beneficiaria do acceso electrónico e, polo tanto, a Administración queda obrigada a transformarse nunha administración electrónica, invocando o artigo 103 da Constitución española e a citada Lei 11/2007.

O 30 de abril de 2015, o Consello da Xunta aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020, como unha estratexia tecnolóxica para impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.

Neste ano 2018, é dicir, 11 anos despois da aprobación da Lei 11/2007 e 8 anos despois da aprobación do Decreto 198/2010, a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), está a tramitar a Lei de administración dixital de Galicia, destacando no anteproxecto o papel determinante das solucións dixitais para acadar unha administración máis transparente, sinxela, eficaz e inclusiva, achegando datos do INE 2017 que indica que o 84,6 % a poboación de entre 16 e 74 anos accedeu ningunha vez a internet,

## Grupo Parlamentario

que o 69 % faino diariamente e que o 54,6 % emprega a banca electrónica, e que as empresas dependen cada vez en maior medida das TIC, sendo un factor de “supervivencia” para a continuidade da actividade empresarial.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital acaba de publicar o Informe Anual 2018, sobre a cobertura en España en 2017 e a cobertura por comunidades autónomas, do que se desprende que Galicia é unha das comunidades con menor cobertura:

	Cobertura Galicia	Cobertura conxunto España
ADSL $\geq$ 2Mbps	70,4	90,0
ADSL $\geq$ 10Mbps	53,0	71,9
VDSL	10,6	17,9
HFC	55,1	48,8
FTTH	41,3	100,0
Cobertura inalámbrica $\geq$ 2Mbps	45,4	57,5
Cobertura inalámbrica $\geq$ 30Mbps	3,7	14,1
UMTS con HSPA	100,0	99,9
LTE (4G)	98,9	97,2

Por iso a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a cobertura de banda ancha de última xeración nos concellos galegos?

2ª) Considera o Goberno galego que estas limitacións favorecen o asentamento de poboación nos concellos con maior despoboamento?

3ª) Considera o Goberno galego que estas limitacións se corresponden coa afirmación feita polo presidente da Xunta de Galicia de que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”.



**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2018 14:07:49**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/05/2018 14:07:56**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/05/2018 14:08:04**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta escrita**.

Acaba de darse a coñecer a nova de que a CRTVG vai eliminar o programa “Diario Cultural” que leva 28 anos en antena, sendo un claro referente da información cultural.

É unha noticia que non pode deixar indiferente ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e ao seu equipo e debería ser unha fonte de preocupación porque este é practicamente o único programa cultural que quedaba na CRTVG porque dende a chegada de Feijoo ao goberno, tanto a programación cultural na televisión como na radio, foi desaparecendo.

A visibilidade da nosa cultura ten nos medios de comunicación un elemento fundamental, porque o que non se coñece non existe, e a cultura galega ten moi poucos ámbitos onde darse a coñecer.

Ademais, a televisión e a radio pública teñen a obriga de impulsar a nosa cultura e a nosa lingua e de servir como escaparate aos nosos creadores. Por iso os socialistas cremos que a Consellería de cultura non pode quedar indiferente ante esta mala decisión. Hai que ter en conta que calquera programa de radio ou televisión tarda en conseguir un prestixio que o faga ter credibilidade e “Diario Cultural” xa era un referente.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



 Grupo Parlamentario

1ª.) Como valora a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desaparición do programa “Diario Cultural” na Radio Galega?

2ª.) Parécelle unha decisión axeitada?

3ª.) Pensa facer algo para evitar a desaparición dun dos poucos programas específicos de cultura que queda nos medios de comunicación públicos?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2018 16:28:35**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/05/2018 16:28:50**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2018 16:29:00**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao prezo dos carburantes en Galiza e ás actuacións que debe levar a cabo ao respecto a Xunta de Galiza.

Galiza asume o custo ambiental e social de ter unha refinería ás portas da cidade da Coruña, pero aínda así os galegos e as galegas pagan máis do que a media do Estado español cada vez que paran nunha estación de servizo. Isto dá conta da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

Na actualidade, analizando os datos correspondentes aos prezos medios dos carburantes a marzo de 2018 podemos observar que é Galiza onde o prezo do litro de gasóleo é o máis alto do Estado e o terceiro máis elevado se falamos de gasolina, só superado por Asturias e Baleares.

Antes de impostos o prezo medio do gasóleo en Galiza é de 59,6 céntimos por litro, superado polas CCAA de Cantabria, País Vasco e Baleares. O prezo do gasóleo antes de impostos incrementouse nun 5,6% nos últimos doce meses, o incremento máis intenso do estado despois de Cantabria. O prezo final após impostos é de 118 céntimos o litro, o que sitúa a Galiza como o territorio peninsular co gasóleo máis caro, e tamén o territorio onde o gasóleo experimentou un maior incremento do prezo durante os últimos doce meses con datos dispoñíbeis (3,8 céntimos, un 3,3%).



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Canto á gasolina, antes de impostos o seu prezo é de 56,5 céntimos por litro, superado polas CCAA de Cantabria, Asturias, País Vasco e Baleares. Porén, despois de impostos o prezo é de 125,5 céntimos o litro, só superado por Asturias e Baleares.

Xa que logo, fica claro que os altos impostos inflúen claramente no feito de que Galiza teña xunto con Asturias os prezos da gasolina máis caros da península. Neste sentido, cómpre recordar que foi en abril do ano 2015 cando se aproba o Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos. Este feito implicou unha mudanza importante nas posicións de Galiza canto ao prezo e amosa a ineficiencia do decreto para os nosos intereses como país.

Ademais, cómpre recordar que no ano 2013 a Xunta de Núñez Feijóo decidiu elevar a taxa autonómica ao máximo permitido. De Galiza contar cos tipos impositivos anteriores á modificación do goberno de Feijóo, sería a quinta comunidade co gasóleo máis caro e a sétima coa gasolina con maior prezo.

Dende o BNG somos conscientes das importantes repercusións que ten nas economías familiares e empresariais o alto prezo dos carburantes, ao que se suma un insuficiente esforzo por parte dos poderes públicos de cara á transición enerxética. Diante deste escenario son precisas medidas de carácter estrutural, onde a participación e a regulación pública actúen de xeito que se rache a alta concentración de mercado que nestes momentos teñen unhas poucas empresas nun claro exemplo de mercado oligopólico. Por outra banda, son tamén precisas medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todos estes motivos formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que Galiza siga sendo un dos territorios do Estado no que os carburantes teñen os prezos máis altos?

-Que avaliación realiza a Xunta de Galiza da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo?

-En marzo de 2018 o prezo do gasóleo antes de impostos tñase incrementado nun 5,6% nos anteriores doce meses, o incremento máis intenso do estado despois de Cantabria. Que valoración fai o goberno galego desta constante suba?

-Os galegos e as galegas pagan máis do que a media do Estado español cada vez que paran nunha estación de servizo, que fai o goberno galego para corrixir esta situación?

-Como avalía o goberno galego que as e os galegos teñan que pagar impostos tan altos nos carburantes cando é un elemento que non ten criterios de redistribución? Considera que á luz do contexto macroeconómico de crecemento é preciso revisar isto?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 16:53**  
**Nº Rexistro: 31073**  
Data envío: 16/05/2018 16:53:33.959

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 16:52:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 16:52:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 16:52:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 16:52:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 16:52:46**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 16:52:47**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Unha ampla representación dos titulados que cursaron algunha especialidade nas escolas de formación náutico-pesqueira encóntranse nunha situación de alarma e incerteza, xa que por parte dun grupo de armadores estase a promover a creación de titulacións paralelas á marxe das xa reguladas polo sistema xeral de educación. Especialmente, ante a posibilidade de que o Goberno central ceda ante a presión de grupos económicos que só buscan persoal barato, o que supón unha fraude ás persoas tituladas; así como ao alumnado, que sempre fixeron todo o posible para desempeñar algún posto de traballo na frota pesqueira. Os contidos que se estudan na actualidade son o resultado dunha profunda reforma realizada hai poucos anos na que participaron todos os axentes implicados e cuxa xestión, como calquera lei, tivo que ser sometida a numerosos procesos que a fixeron posible, polo que conta coa lexitimidade e a solidez xurídica necesaria, incluído o cumprimento dos convenios internacionais asinados por España.

O Grupo Parlamentario Socialista non comparte que, a través de cursos á marxe da lei que regula a formación marítimo-pesqueira, as actuais titulacións académicas legais vaian ser substituídas por outras só co fin de abaratar custes laborais. Estas propostas supoñen un paso cara atrás, saltan cuestións tan importantes como a seguridade a bordo e a calidade de traballo. Detrás destas consideracións están asuntos tan importantes como os índices de sinistralidade ou a mesma negligencia humana

Un dos retos a conseguir é a regulación da figura do alumno/a en prácticas, co establecemento de incentivos sociolaborais e a mellora das atribucións profesionais das persoas tituladas que son, entre outras medidas, as que dan a seguridade necesaria mentres se cumpre a súa formación práctica, para evitar a sinistralidade, e que sirvan de motivación para darlle continuidade ao desenvolvemento da formación no futuro.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

**Grupo Parlamentario**

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da proposta xurdida dun grupo de armadores de saltarse a normativa que regula as ensinanzas náutico-pesqueiras e habilitar profesionais á marxe do actual sistema de formación establecido?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Ten previsto o Goberno galego reclamar do Goberno central a regulación da figura de alumno/a en prácticas, se for o caso, cando?

3ª) Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Goberno central para reclamarlle que incentive a contratación de alumnos/as a partir desa figura de alumno/a en prácticas?

4ª) Ten previsto o Goberno galego realizar as xestións necesarias para establecer medidas que permitan humanizar o traballo e mellorar a habitabilidade dos buques?

5ª) Ten previsto o Goberno galego pór en marcha campañas nos centros para fomentar o coñecemento do sector e normalizar a relación entre o alumnado e as actividades da pesca, xerando curiosidade e interese?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/05/2018 16:47:54**

**Julio Torrado Quintela na data 16/05/2018 16:48:04**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:06  
Nº Rexistro: 31083  
Data envío: 16/05/2018 17:06:08.240

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O Concello de Curtis, de 116 km<sup>2</sup> e cunha poboación de 4.000 habitantes está sendo noticia nestes últimos tempos, desta vez pola modificación do PXOM e pola controversia espertada dentro e fóra do concello.

As modificacións dos PXOM sempre suscitan debate, por veces acalorados, entre os veciños, mais neste caso o debate traspasa as fronteiras municipais.

Nesta, en concreto suprime a totalidade do Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria e grande parte do Solo Rústico de Protección Forestal pasando todo el a Solo Rústico de Protección Ordinaria.

Velaí o incremento e a legalización do caos existente. Vexamos:

--As plantacións forestais, ata o de agora ilegais, en superficies agrarias deixarían de seren ilegais.

--O concello fai deixación da facultade de ordenar as diferentes categorías de solo para que non haxa interferencias entre o forestal e o agrogandeiro permitindo así que aparezan no futuro conflitos.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 17:06**  
**Nº Rexistro: 31083**  
Data envío: 16/05/2018 17:06:08.240

-- Sen a protección necesaria parte da superficie agraria vai deixar de ser tal e pasará a ser ocupada polo forestal en detrimento do sector agrícola e gandeiro de Curtis e das necesidades da poboación deste País.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Cal é a valoración que fai a Consellería de Medio Rural destas medidas adoptadas polo concello de Curtis na pretendida modificación do seu PXOM?

--Non ten nada que dicir a Consellería de Medio Rural ante a posibilidade de cambio de uso efectivo das terras agrícolas no momento en que se aprobe esta modificación?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 17:06**  
**Nº Rexistro: 31083**  
Data envío: 16/05/2018 17:06:08.240

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:05:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:05:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:05:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:05:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:05:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:05:31**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás inxerencias do Estado español na política impositiva galega canto aos carburantes e ás actuacións que debe levar a cabo ao respecto a Xunta de Galiza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradas inxerencias nas decisións sobre a fiscalidade por parte do Estado español. Asemade temos denunciado tamén que Galiza asume o custo ambiental e social de ter unha refinería ás portas da cidade da Coruña, pero aínda así os galegos e as galegas pagan máis do que a media do Estado español cada vez que paran nunha estación de servizo. Isto dá conta da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado e tamén das repercusións negativas para a cidadanía da política fiscal do Goberno galego.

Porén, con independencia das discrepancias a respecto desta última, consideramos inadmisíbel a nova inxerencia coñecida a respecto dos Orzamentos do Estado. Cómpre recordar que o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, actualmente en tramitación parlamentaria, contempla a “harmonización” do tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

todas as CCAA, de xeito que, de aprobarse o proxecto, aplicarase en todas o tipo impositivo máximo de 0,48 céntimos o litro, tanto de gasóleo como de gasolina. Na práctica, trátase dunha clara centralización competencial, xa que furtan ás CCAA a posibilidade de modular o tipo en función dos seus intereses. Isto está contemplado no punto “Dous” do apartado “Segundo” do artigo 76 do articulado do proxecto de lei de orzamentos do Estado, que modifica a lei 38/1992 de impostos especiais. De aprobarse os orzamentos estas modificacións entrarían en vigor o 1 de xullo de 2018.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que vai facer o Goberno galego diante da inxerencia competencial do Estado español canto ao imposto sobre os carburantes?

-Foi consultada a comunidade autónoma galega a este respecto? En que foros e con que conclusións?

-Foi consultada a respecto da previsión de vixencia desa “harmonización”? E a respecto de se debera ser á alza ou á baixa? Que posición mantivo Galiza?

-Existe algún informe remitido ao respecto desta cuestión por parte do goberno central que fundamente esta decisión? E á inversa?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:26  
Nº Rexistro: 31088  
Data envío: 16/05/2018 17:26:32.990

-Considera o Goberno galego positivo que o goberno central decida asuntos que non lle competen? Pensa que a perda de soberanía a respecto das decisións fiscais é positiva para o noso país?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:25:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:25:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:25:09**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 17:26**  
**Nº Rexistro: 31088**  
Data envío: 16/05/2018 17:26:32.990

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:25:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:25:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:25:14**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:56  
Nº Rexistro: 31097  
Data envío: 16/05/2018 17:56:05.350

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas á tomar coas prestacións asistenciais e por desemprego.

O sistema de protección de desemprego veu recortadas as contías das prestacións e endurecidos os requisitos de acceso a estas. Durante os últimos anos vimos denunciando o continuo deterioro do sistema de protección social das persoas traballadoras que están en situación de desemprego. Vimos como a taxa de cobertura de desemprego diminuíu até situarse preto do 50%, case a metade das persoas que están desempregadas non teñen acceso a ningún tipo de prestación. Das que teñen acceso a metade téñeno a prestacións non contributivas, é dicir, a subsidios que non cobren as necesidades máis básicas. En Galiza das máis de 188.000 persoas desempregadas, 93.000 non cobran ningún tipo de prestación económica.

O Goberno do Partido Popular, no seu afán centralizador pretende unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), a pesares de que a xestión das mestas ten sido declarada competencia das comunidades autónomas por parte do Tribunal Constitucional, non fai efectiva a sentenza e intégraas na seguridade social, nun intento de impedir que ningunha administración aumente a taxa de cobertura tanto en número persoas perceptoras como na súa contía.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 17:56**  
**Nº Rexistro: 31097**  
Data envío: 16/05/2018 17:56:05.350

Nun momento onde o PIB medra teoricamente ao 3%, e onde as cotizacións por desemprego no ano 2017 teñen 2.300 millóns de superávit, pretende acometer mais unha reforma que empobrece á clase traballadora.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai o Goberno galego opoñerese á pretensión do Goberno español de unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), e reclamar a súa a xestión xa que é do ámbito competencial das comunidades autónomas, tal como foi declarado por parte do Tribunal Constitucional?

-Que opinión lle merece que máis da metade das persoas galegas que están en situación de desemprego non cobren ningunha prestación?

-Cal é a valoración do Goberno de que a metade das persoas desempregadas que teñen acceso a prestación por desemprego, máis da metade téñena a prestacións non contributivas, é dicir, a subsidios que non cobren as necesidades máis básicas?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2018 17:56**  
**Nº Rexistro: 31097**

Data envío: 16/05/2018 17:56:05.350

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:54:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:54:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:54:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:54:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:54:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:54:36**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, comunícalle as incorporacións de membros nas seguintes comisión parlamentarias:

### **Comisión 4ª: Educación e Cultura**

Alta: Novo Fariña, Isabel

### **Comisión 8ª: Pesca e Marisqueo**

Alta: Fernández Prado, Martín

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/05/2018 11:23:41**

# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

4.1. INFORMACIÓNS

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727